


Universidade de Vigo

Recomendacións para a defensa telemática do TFM no MTCI



Mestrado en Tradución **para** a Comunicación Internacional (MTCI)

Un documento elaborado polo
Prof. Dr. D. José Yuste Frías
Coordinador do MTCI
jyuste@uvigo.es
(08/05/2020)



Á vista da situación excepcional creada polo estado de alarma declarado polo R.D. 463/2020, de 14 de marzo, e a súa incidencia na actividade docente presencial,

Á vista das Instrucións, do 6 de abril de 2020, da Secretaría Xeral de Universidades, de aseguramento da calidade da docencia non presencial nas universidades do SUG,

Á vista de que o uso dun entorno de avaliación virtual implica o tratamento de diversos tipos de datos (de identificación, imaxe, audio ou comentarios nun chat, entre outros posibles), tendo en concreto a captación de imaxes/voz, así como o seu almacenamento, a súa difusión ou a súa publicación na contorna dunha aula o despacho virtual, a través das plataformas propias da Universidade de Vigo, a consideración de tratamento de datos persoais no sentido do Regulamento (UE) 2016/679 (RXPD) e da Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD).

Á vista de que o artigo 6.1 e) do RXPD considera lícito o tratamento de datos necesario “para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou en exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento”, o que ven dado, no caso da Universidade de Vigo, polo artigo 46.3º da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, para a prestación do servizo de educación superior,

Á vista de que o dito artigo pode amparar outros tratamentos, sempre que revistan unha finalidade exclusivamente educativa e o seu acceso estea limitado ao profesorado e alumnado da materia,

Á vista das recomendacións da CRUE e da Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo a este respecto,

A Coordinación do **M**estrado en **T**radución **p**ara a **C**omunicación **I**nternacional (MTCI) decide editar este documento de recomendacións para o correcto desenvolvemento da defensa telemática do Traballo Fin de Máster (TFM) ante os tribunais respectivos nas datas,



horas e lugar publicados na páxina TFM da web do Mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) <http://paratraduccion.com/liimiares/tfm/> e

RECOMENDA

Primeiro: que a defensa do TFM por videoconferencia sexa realizada, exclusivamente, a través da ferramenta BigBlueBottom (BBB) autorizada polo CAMPUS REMOTO da Universidade de Vigo, empregando o «despacho virtual» de cada Presidente do tribunal cuxa dirección electrónica se atopa no enlace <https://campusremotouvigo.gal/faculty/993>

Segundo: que, antes de entrar virtualmente na videoconferencia da defensa telemática do TFM, o alumnado esté provisto de documentación acreditativa da súa identidade, xa que será exixida en calquera momento polo Presidente/a do tribunal

Terceiro: que, sobre a protección de datos persoais, antes de iniciarse o acto de defensa telemática do TFM, o/a Presidente do tribunal avise ao alumno/a da gravación da mesma, debendo lembrar a existencia da información sobre protección de datos da Uvigo ao alumnado no enlace <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>

Cuarto: que, sen prexuízo do deber previo de información, no que respecta á proba de avaliación virtual da defensa do TFM, o/a Presidente do tribunal lembre ao alumno/a que non se requirirá o seu consentimento para, ben o mero control visual da súa imaxe, ben a gravación da súa voz ou imaxe, segundo o caso, baixo amparo do artigo 6.1 e) RXPd.

Quinto: que, cara ao desenvolvemento adecuado da gravación da defensa telemática do TFM mediante webcam, o alumnado procure situarse nun lugar axeitado para evitar a captación de imaxes relativas a súa vida familiar, asegurando a ausencia de terceiras persoas non concernidas. En ningún caso a Universidade de Vigo será responsable da captación de imaxes ou situacións alleas ao alumno/a que se puideran producir durante o visionado ou a gravación da defensa telemática do TFM.

Sexto: que se cumpra, por parte do alumnado, a prohibición da captación e/ou gravación da sesión de defensa telemática do TFM, pola súa parte, así como a súa reprodución ou difusión, en todo ou en parte, independentemente do dispositivo utilizado. Calquera actuación indebida que non se axuste á finalidade da avaliación de cada tribunal de TFM comportará unha vulneración da normativa vixente, podendo derivarse as pertinentes responsabilidades.

Séptimo: que os prazos previstos na normativa da Universidade para a conservación dos tratamentos de datos e a custodia de probas de avaliación no caso das probas presenciais, destinados a garantir o cumprimento dos obxectivos e finalidades que lles son propios, (en particular, cara ás eventuais revisións e substanciación de posibles responsabilidades que se puideran derivar), se apliquen *mutatis mutandis* ás gravacións das defensas telemáticas do TFM no MTCI.

